Esta Lei define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá”. A Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei de protección civil e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro e 133/1990, do 19 de xullo, coinciden no citado carácter de servizo público esencial.

Esta Lei regula o sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar no caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e mais o ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.

Un dos obxectivos fundamentais desta Lei é establecer con precisión a distribución das responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias sen modificar substancialmente a repartición de



competencias e atribucións entre as distintas administracións públicas e os órganos administrativos que existía ate o momento, mais clarificándoa.

Segundo establece a Lei, o papel da Xunta céntrase en tres funcións fundamentais: a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta dos que dispoñen as entidades locais. Aos órganos de goberno dos entes provinciais (deputacións) correspóndelles garantir o cumprimento polos concellos das súas obrigas neste ámbito. Por último, aos municipios e ás entidades locais supramunicipais, de ser o caso, correspóndelles a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 331.1 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

Os municipios, segundo citada Lei e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Por tanto, correspóndelle ao Consello da Xunta, como órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias, entre outras competencias, establecer as liñas de cooperación en materia de protección civil coa Administración xeral do Estado e coas demais administracións públicas de Galicia, exercer a potestade de substitución das entidades locais nos casos e nos termos previstos na Lei (artigo 28) e exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos.





Ás deputacións correspóndelle, entre outras competencias, facilitarlle a asistencia técnica e financeira aos concellos da provincia para a elaboración e a execución dos plans de emerxencia, poñer a disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes cando lles sexan requiridos, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

A Xunta poderá proceder á substitución das entidades locais (artigo 28 Lei Emerxencias) cando estas, de xeito reiterado, incumplan calquera das obrigas que a Lei de Emerxencias lles impón, como aprobar e activar os correspondentes plans de protección civil, poñer a disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e os recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes ou lle fosen requiridos, etc.

No marco das súas competencias no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, a Xunta poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa.

Para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta, as deputacións provinciais e a FEGAMP acordan a través dun convenio de colaboración, a creación, no ano 2013, dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, co ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan



cortapisas á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización de ditos grupos.

Os GES cobren zonas rurais e concellos de menos de 20.000 habitantes. Na actualidade, as 300 persoas que conforman os GES prestan servizo a 174 concellos, dos 313 concellos existentes. Estes Grupos foron creados para as emerxencias e cunha concepción como servizo municipal: ao servizo das alcaldías, como demostran as competencias definidas no convenio da súa creación, os procesos selectivos establecidos, un financiamento incomprensible e unha distribución territorial cuestionable nalgúns casos.

Xa no convenio de creación dos GES se establecía, e mantense actualmente, unha “Comisión de Seguimento”, entre cuxas funcións se atopan velar polo cumprimento do convenio, propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes, resolver problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na aplicación do convenio, etc.

Esta Comisión de Seguimento está constituída, ademais de por representantes da Xunta, FEGAMP e Deputacións, por representantes de administracións (alcaldías) que na maioría dos casos son alcaldes de concellos sede de GES, o que fai cuestionable que o control e fiscalización do servizo que realicen sexa obxectivo e rigoroso.

Dende En Marea, xa en numerosas ocasións se cuestionou e denunciou a distorsión de funcións que dende certas alcaldías se facían con estes Grupos ao encomendarlles tarefas que o que fan é restarlle tempo para atender ás emerxencias, demorando a resposta ás mesmas, pois as funcións dos GES son de emerxencias, non de vías e obras, recollida de lixo, alumeado, albanelería, desbroce ou calquera outra encomendada dende a alcaldía ao marxe das establecidas no convenio. Tamén denunciámos as carencias de materiais,



recursos e infraestruturas para o correcto e eficiente exercicio das súas funcións, así como a xestión do persoal integrante dos GES ou que na actualidade non estea a funcionar como tal a rede de emerxencias e non haxa definido rigorosamente un mapa de emerxencias de Galicia, pois consénteselles aos concellos empregar dito servizo supramunicipal ao seu antollo.

Non é suficiente con que a Lei de Emerxencias recolla que as deputacións provinciais deben garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias naqueles municipios que non contan con servizos propios, pois como se explicou, a distorsión das funcións dos GES debida á falta de definición clara das mesmas e a dependencia inmediata das alcaldías destes servizos que non son competencia dos concellos xeran situacións irregulares ás que non se lle pon solución.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten previsto a Xunta modificar a Lei de Emerxencias de Galicia, afastando o servizo dos GES da dependencia inmediata das alcaldías, encomendándoos ás Deputacións ou Consorcios Provinciais, ao non ser estes servizos competencia dos concellos?.
- Ten previsto a Xunta modificar a Lei de Emerxencias de Galicia, incluíndo a potestade de substitución (artigo 28) cando os concellos non cumpran coas competencias asignadas en materia de emerxencias para tutelar ou suplir ditas competencias por un ente superior (Deputación, Consorcio Provincial ou a propia Xunta)?.



- Establecerá a Xunta mecanismos claros e protocolizados para cumprir a súa función inspectora e sancionadora neste ámbito, como garante da prestación dun servizo público de calidade?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:15:40**

**Carmen Santos Queiruga na data 08/11/2018 17:15:45**

**Paula Vázquez Verao na data 08/11/2018 17:15:51**

**David Rodríguez Estévez na data 08/11/2018 17:15:55**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>**

Os GES son grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, que prestan servizo en 174 concellos (dos 313 existentes), cubrindo as zonas de sombra ás que os parques de bombeiros non chegan a dar cobertura.

No convenio onde se regula a súa creación xa se especifica que deben contar cuns medios materiais definidos. En concreto, co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas a desenvolver, cada GES contará cun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc. Terán tamén batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPI), necesarios para realizar as súas funcións. En canto á roupa, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo.

No relativo ás instalacións, no convenio establécese que o concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A pesares do estipulado no convenio, no tocante aos medios materiais dos GES, a realidade é que existe unha xeralizada carencia de medios: Os EPI empregados non son os axeitados para a tarefa, hai GES que non contan con medios para



realizar excarceracións ou atencións sanitarias, etc. Outros medios están infrautilizados por non haber persoal que os atenda ou dánselle fins distintos aos iniciais, o que supón unha inaceptable malversación de fondos públicos: Así, empréganse vehículos dotacionais, motobombas ou carrocetas, adquiridos con fondos europeos para atención de emerxencias, para outras tarefas que nada teñen que ver.

Danse casos de camións adquiridos a través de subvencións con fondos europeos que non se están empregando, algúns incluso que non están matriculados, por non ter condutores, a pesares de estar esa condición estipulada nas cláusulas de cesión do vehículo, onde se establecía que o beneficiario se comprometía a mantelos operativos 365 días / 24 horas, mediante a contratación dun chófer. Tamén ocorre que camións que tiñan un equipamento específico para atender ás emerxencias, o que incrementaba o seu custe, chegando algúns a rondar os 200.000€, foron modificados e quitóuselles todo ese equipamento específico para facer simples camionetas de transporte de mercaderías ou camións de vías e obras, malversando con estas actuacións fondos públicos e infrautilizando recursos necesarios para moitos GES.

As instalacións nas que traballan estes grupos, en moitos casos non cumpren coas condicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, esixidas polo Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten pensado a Xunta de Galicia favorecer a dotación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) do material adecuado e suficiente para



a realización das súas funcións en condicións de seguridade, tanto para o persoal como para a cidadanía en xeral?

- Ten pensado a Xunta de Galicia establecer un procedemento claro de control e fiscalización dos recursos adquiridos con fondos públicos, ben sexan europeos, autonómicos ou locais, para supervisar que sexan empregados de xeito axeitado e eficiente, evitando situacións de mal uso de fondos públicos?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 14:22:36**

**Carmen Santos Queiruga na data 08/11/2018 14:22:43**



**Paula Vázquez Verao na data 08/11/2018 14:22:49**

**David Rodríguez Estévez na data 08/11/2018 14:23:03**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A empresa Noa Madeira Creativa S.L., que ten a súa sede no polígono de Vilar do Colo, en Fene (A Coruña), dedícase á fabricación de mobiliario para tendas.

Ata o pasado mes de agosto pertencía ao Grupo Amil, pero na actualidade o novo xestor, é o grupo Malasa, que o pasado mes de outubro anunciou un expediente de regulación de emprego (ERE) extintivo que de materializarse, implicará o adelgazamento do seu persoal nun 40 %, xa que o seu censo actual está formado o redor de 200 operarios.

O día 31 de outubro o Pleno do Concello de Fene, aprobou por unanimidade unha moción, na que se mostraba o seu apoio e solidariedade cos traballadores da empresa Noa Madeira Creativa S.L..

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación de Noa Madera Creativa S.L., en caso afirmativo, que valoración fai?

2ª) Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante a situación na que se atopa a empresa Noa Madera Creativa S.L.?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018



**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 16:55:32**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 16:55:40**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal e Luis Villares Naveira**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>, relativa ao retraso intencionado da posta en marcha da construción das fragatas F-110 en Navantia Ferrol.**

Todas as nosas informacións indicaban que o proxecto das fragatas F-110 estaba listo para a posta en marcha da construción dende 2016. O Goberno da Xunta de Galicia, ante as preguntas da oposición, afirmaba que o retraso era por motivos orzamentarios e o seu Presidente, Sr. Feijóo, alardeaba de exixir a súa posta en marcha a última vez na súa reunión co Presidente Sánchez no pasado mes de xullo.

Vimos de coñecer que as causas do retraso son outras moito máis censurables e vergoñentas. O motivo era o intento de reformular a enxeñería do proxecto para instalar nas fragatas uns mísiles fabricados pola empresa da que foi presidente o Ministro de Defensa do Goberno do PP Sr. Morenés. Un pelotazo de centos de millóns de euros que, ademais, prexudicaba a un consorcio que o Estado Español leva financiando dende fai moitos anos.

O Partido Popular fala, día si, día tamén, de que están a defender a todas e todos os traballadores de Galicia sen distinción, parece que os traballadores tanto en activo como no paro das comarcas de Ferrolterra e nas empresas auxiliares espalladas por toda Galicia non entran nesa defensa. 7.000 postos de traballo industriais cun horizonte de 10 anos de ocupación postos en risco por intereses particulares do PP e dos seus dirixentes. Eses 7.000 postos de traballo durante



2017 e 2018 houberan mitigado a perda de emprego industrial en Galicia, 50.000 nos últimos 9 anos e 8.800 no último ano.

Durante o Goberno do Sr. Rajoy Defensa, baixo a xestión dos Ministros Morenés e Cospedal, impuxo como "prioritaria" a implantación nas fragatas F-110 dos mísiles Sexa Ceptor, un tipo de proxectil que nunca fora usado pola Armada Española e que a compañía do ministro estaba a tentar colocar no mercado internacional da Defensa.

Esa insistencia atrasou dous anos o proxecto de deseño técnico, e chegou a provocar un enfrontamento entre a cúpula da Armada e a Dirección Xeral de Armamento, controlada polo ministro.

Por outra parte este retraso supón un novo atentado contra a competitividade dos estaleiros de Navantia en Ferrol, que poderían ter aproveitado este proxecto para conseguir outros contratos nos mercados internacionais cunha vantaxe temporal contra outros estaleiros que compiten no mesmo mercado.

Ante a falta de información suficiente sobre o coñecemento do Goberno galego destas actuacións, **En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:**

- Coñecía o Goberno galego estas prácticas fraudulentas do Goberno do Presidente Rajoy que supuxeron o retraso da posta en marcha da construción das fragatas F-110 e a perda de 7.000 postos de traballo durante dous anos?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal



Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 17:39:15**

**Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:39:21**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a situación laboral no Hospital do Salnés.

O persoal de enfermería do Hospital do Salnés ven de denunciar unha situación de sobrecarga asistencial brutal nas dúas plantas de hospitalización que permanecen abertas, primeira e segunda, toda vez que a terceira plante permanece pechada.

Denuncian que na vez de ter operativa a terceira planta, estase procedendo a distribuír @s doentes polas outras dúas plantas, ou mantel@s en urxencias.

Encóntranse deste xeito plantas con pluripatoloxías, con ingresos, cirurxías, pediatría, xinecoloxía... Unha carga de traballo brutal sen reforzos, que ten unha repercusión negativa na calidade asistencial que se presta. Unha mostra e consecuencia desta sobrecarga é que o centro hospitalario perdeu a acreditación concedida por Unicef de “Hospital amigo dos nen@s”.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Até onde está disposto a chegar o Goberno galego na presión e maltrato ao persoal do Sergas?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Considera que é admisíbel manter fechada a terceira planta do hospital mentres se manteñen as outras dúas plantas e urxencias saturadas continuamente?

-Coida que se pode prestar unha calidade asistencial axeitada cunhas ratios de persoal tan escasas e co nivel de presión que se describe?

-Vai seguir nesta liña de deterioro que leva a que o hospital do Salnés perda calidade continuamente e recoñecementos como o de “Hospital amigo d@s nen@s”?

-Vai rectificar na súa política de persoal e proceder a reforzar o cadro de persoal para rematar con esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2018 18:27  
Nº Rexistro: 39994

Data envío: 08/11/2018 18:27:34.824

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:21:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:21:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:21:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:21:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:21:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:21:18**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2018 18:29  
Nº Rexistro: 40000  
Data envío: 08/11/2018 18:29:42.211

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo de transporte sanitario terrestre?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 40000**  
Data envío: 08/11/2018 18:29:42.211

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-Vai levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?

-Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas?

-Coida que se están garantindo os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre?

-Está a exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos?

-Vai rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/11/2018 18:29**  
**Nº Rexistro: 40000**  
Data envío: 08/11/2018 18:29:42.211

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:29:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:29:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:29:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:29:29**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:29:30**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:29:31**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do Parlamento de Galicia do pasado 31 de outubro alterouse gravemente o decorrer da comisión, o que provocou un problema en termos de forma e fondo.

Na cuestión formal, resultou chamativa a inacción e conivencia da Presidencia da Comisión que permitiu a interrupción da intervención dun deputado por parte dun asistente sen identificar, que puido subirse á mesa da Presidencia para intercambiar algunhas impresións e observacións co director xeral da CRTVG, Sr. Sánchez Izquierdo, que comparecía para responder ás preguntas dos grupos parlamentarios. Sen ningunha advertencia nin dirixirse á persoa que interrompeu o decorrer da Comisión, incluso o deputado interrompido foi chamado ao “decoro” para que non puxera o acento sobre a situación ocorrida.

Este escenario complementábase co problema de fondo ocorrido, que foi a manipulación realizada do momento dunha información publicada na web da CRTVG, sobre a que o deputado intervinde estaba chamando a atención e corrixindo a resposta previa do Sr. director xeral, que afirmaba que tal afirmación xa estaba cambiada. Esta información, referida a unha nova no seu día ofrecida nos informativos da radio e televisión públicas, e que resultaba falsa, levaba un ano publicada co erro mantido, e sinalaba a unha persoa como detida por unhas supostas acusacións, cando a información tense demostrado falaz.

O vivido na Comisión amosou como a propia web da CRTVG cambiou durante a realización da pregunta, como puideron comprobar os asistentes que observaron as dúas versións, e que coincidiu tal cambio coa interrupción da sesión por parte do asistente á comisión sen identificar.

Este conglomerado de irregularidades provoca unha falta de credibilidade sobre o funcionamento da CRTVG e da propia comisión parlamentaria de control, o que

redunda nun problema global da CRTVG sobre a súa propia confiabilidade como servizo público.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de credibilidade considera a Xunta de Galicia que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?
3. Ten pensado o Goberno de Galicia tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre o Goberno de Galicia que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2018 17:23:20**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/11/2018 17:23:25**

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **39875** e **39876**, advertido un erro en ditos documentos.

### Corrección de erros

Onde di:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que nivel de credibilidade considera a Xunta de Galicia que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre o Goberno da Xunta de Galicia que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?
3. Ten pensado o Goberno de Galicia tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre o Goberno de Galicia que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?”

Debe dicir:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta polo director xeral da CRTVG:

1. Que nivel de credibilidade considera que ten a rendición de contas que fai a CRTVG en sede parlamentaria?
2. Cre que é aceptable o ocorrido durante a citada Comisión coa interrupción e a modificación dos contidos no acto para xustificar un erro previo?

3. Ten pensado tomar algunha decisión sobre o ocorrido? Ten previsto algunha medida sobre a persoa que interrompeu a comisión se esta pertence á CRTVG?
4. Que imaxe cre que ofrece a CRTVG cando ocorren situacións como esta?"

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/11/2018 12:34:17**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2018 12:34:23**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado xoves 25 de outubro, coñeciamos a través de diferentes medios de comunicación, unha trala sentenza condenatoria do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deixaba en evidencia o procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente, emparentada coa Secretaria Xeral de Igualdade, coa creación dunha praza á súa medida, na Escuela de Restauración de Bens Culturais de Galicia, e no que se cualifica, na propia sentenza, como de “torcida actuación” por parte do Goberno autonómico.

O certo é que o executivo galego leva tempo defendendo con insistencia a postura da consellería por “integrar” a esta persoa na Función Pública de Galicia creando unha praza de conservación e restauración de documento gráfico, unha especialidade que non se imparte nesta comunidade e que non era necesaria na Escola de Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Unha actuación que foi denunciada polos sindicatos ante a propia Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como ante a Valedora do Pobo, non obtendo resposta por parte de ningunha das dúas institucións.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista realizou unha pregunta urxente á conselleira deste eido na sesión plenaria do Parlamento de Galicia que tivo lugar o pasado mércores 7 de novembro.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da cobertura que se realizou por parte da radio e da televisión públicas galegas desta sentenza sobre o procedemento totalmente irregular levado a cabo pola Consellería de Educación para favorecer a incorporación dunha docente, emparentada coa Secretaria

Xeral de Igualdade na Escola de Restauración de Bens Culturais de Galicia?

2. Canto tempo se dedicou a esta nova durante os informativos o día que coñecemos a nova, e/ou os posteriores?
3. Considera que a cobertura estivo á altura dun medio público como a RTVG?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/11/2018 17:01:49**

**María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 17:01:55**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2018 17:01:59**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 17:02:07**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 17:02:11**

**Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 17:02:15**

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 28 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro.

Manipulación que ante a proximidade das eleccións municipais se vén acrecentando nestes últimos meses coa supresión das desconexión locais da Radio Galega, unha medida estritamente política que obedece ao interese do PP de controlar a información local de cara a estes comicios.

Recentemente ademais coñecemos o anuncio de que a asemblea de traballadores e traballadoras convocada polo Comité Intercentros da CRTVG acordou de xeito maioritario poñer en marcha un calendario de mobilizacións contra o desmantelamento deste servizo público, que comezarán o vindeiro día 20 de novembro con paros parciais de dúas horas por quenda e que se manterán en días alternos ata o 2 de decembro.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece os motivos que levan aos traballadores e traballadoras a teren intensificado nos últimos meses as súas protestas contra o xeito de proceder da actual dirección da CRTVG?

2. En caso afirmativo, considera que teñen motivos para elo?
3. Por que considera que se incrementaron tanto as mobilizacións dos traballadores e traballadoras da CRTVG nestes últimos meses?
4. Cre que a actitude da Dirección ten algo que ver con esta situación?
5. Considera que dende a Dirección da CRTVG se está fomentando o diálogo cos traballadores e traballadoras, así como cos seus representantes sindicais?
6. Que ten previsto facer para reducir o clima de tensión e enfrontamento que se está a vivir na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 08/11/2018 17:02:53**

**Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 17:02:58**

# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**


### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727